

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Jose Antonio Pereira Gil, Alcalde do concello da Baña, na data da sinatura dixital, en presenza do secretaria de dito concello, emito o seguinte decreto:

Asunto: APROBACIÓN BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN DUN XEFE/A BRIGADA FORESTAL COMA PERSOAL LABORAL TEMPORAL AO ABEIRO DO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DO CONCELLO DA BAÑA, PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DURANTE OS ANOS 2025-2026, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO DA POLÍTICA AGRARIA COMÚN (PEPAC) 2023-2027.6)

Expte TEDEC: 2026/E002/000008 (Persoal).

Expte TEDEC: 2026/A006/000007 (Convenio/Subvención).

Expte. TEDEC: 2026/G003/000540 (Decreto).

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que o artigo 20.cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogada para o ano 2024, establece que “Non se poderá contratar persoal temporal, nin realizar nomeamentos de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.”

Visto Providencia de inicio de data 26 de maio de 2026 para a creación dunha bolsa de emprego, mediante o sistema de oposición, para a cobertura dun posto de XEFE/A BRIGADA FORESTAL çao abeiro do Convenio entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local do Concello da Baña.

Visto que, dita bolsa servirá para a cobertura do persoal en réxime de persoal laboral temporal ao abeiro do artigo 15 do Texto refundido do estatuto dos traballadores.

Visto que a selección de persoal deberá realizarse segundo establece o artigo 91 da Lei 7/1985.

Os contratos asinaranse baixo a modalidade de contratos de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos (vinculados ao convenio coa Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia que está cofinanciado polo Feader) a xornada completa con temporalidade ligada á duración do tempo asinado en Convenio.

A duración do contrato será o tempo preciso para o desenvolvemento e execución das actuacións que se recollen na base primeira, sendo estimada en tres meses.

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, adaptaranse ás necesidades do servizo.

Esta bolsa de emprego manterá a súa vixencia ata a aprobación dunha nova bolsa derivada dun novo proceso selectivo que a substitúa ou ata o esgotamento das persoas integrantes ás que efectuar chamamentos.

Dito persoal cesará automaticamente cando desaparezan as circunstancias que motivaron o seu nomeamento determinadas no parágrafo anterior.

As retribucións serán as establecidas para postos similares do propio Concello, dentro das táboas salariais acordadas o grupo profesional do Convenio colectivo de Servizos Forestais Estatal (código 99100225012019), mentres non se conte cun convenio laboral propio do Concello da Baña.

Ocupación	Retribución
Xefe de Brigada	1.672,91€

Establecese dúas gratificacións extraordinarias de:

- **200€ por persoa a finalización do contrato.** sempre que a brigada cumpra o obxectivo das actuacións de prevención mediante roza manual, marcadas no Programa de Actuacións preventivas do Convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local da Baña de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADRE) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

- **200€ por persoa a finalización do contrato,** sempre que o traballador non cause baixa voluntaria e cese o seu contrato por causas non imputables ao Concello da Baña antes da data de finalización do seu contrato.

Visto que o proceso selectivo tivo carácter aberto e garantirá a libre concorrência mediante: **oposición**, recoñecido no artigo 24 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Visto que, o procedemento de selección foi público, rexéndose polos principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e celeridade, e terá por finalidade a cobertura inmediata do posto. O nomeamento derivado destes procedementos de selección en ningún caso dará lugar ao recoñecemento da condición de persoal funcionario de carreira nin de persoal laboral fixo.

Visto o Informe de secretaria-intervención óbrante no expediente.

Visto que as bases que rexeron o proceso de selección, redactáronse de conformidade co establecido nos artigos 23 a 25 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, os artigos 3 e 4 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección da Administración Local, e nos artigos 55 a 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, de acordo cos principios de igualdade, mérito e capacidade.

Visto que as bases establecen as funcións e tarefas do persoal seleccionado segundo as definidas na base PRIMEIRA das citadas Bases reguladoras:

“Este/a traballador/a dedicarase a execución das actividades subvencionadas sendo as tarefas a desenvolver as indicadas no citado convenio e no programa de actuacións preventivas A Baña 2026 e que a modo de resume son:

- Realizarán as labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridas para a defensa destes.
- Realizarán actuacións preventivas manuais como rozas, rareos e posterior eliminación de restos nas superficies indicadas no programa de actuacións preventivas A Baña 2026.
- Será o responsable da coordinación do funcionamento da brigada nas relacións operativas e de comunicación co persoal do distrito forestal V, de acordo co procedemento operativo establecido no Plan de Extinción do PLADIGA en vigor.
- Calquera outra, relacionada co posto de traballo, que lle encomende o superior xerárquico.

Vista a necesidade de dotar ao Concello da Baña de mecanismos de xestión de recursos humanos para resolver as ausencias prolongadas do seu persoal ao non dispor esta entidade de persoal que poida atenuar as posibles baixas, permisos, etc do persoal ao seu servizo.

Visto que ditas bases e convocatoria foron publicadas na páxina web, taboleiro de anuncios deste Concello así como no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o 3 de XUÑO de 2026 (BOP núm. 103), iniciándose un prazo de dez días hábiles para a presentación de solicitudes para formar parte do proceso selectivo.

Visto que en data 26/06/2026, dítase Resolución de Alcaldía con número de Decreto 470/2026, mediante o que se aproba a lista definitiva de aspirantes para a contratación, determinándose a inexistencia de aspirantes excluídos, e nomease tribunal e data de realización da fase concurso.

Visto que con data 29-06-2026 publícase dilixencia de erros detectados no Decreto 470/2026.

Visto que o proceso de oposición realizouse o día 03/06/2026 en presenza do tribunal.

Vista a acta do día 7 de xullo de 2026 do proceso selectivo formulada por unanimidade polo tribunal cualificador encargado da selección da categoría Xefe/a brigada forestal sendo o resultado o que segue:

“ACTA DO TRIBUNAL ENCARGADO DE XULGAR AS PROBAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TEMPORAL XEFE/A BRIGADA FORESTAL COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL AO ABEIRO DO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DO CONCELLO DA BAÑA, PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTALS DURANTE OS ANOS 2025-2026, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO

RURAL (FEADER) NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO DA POLÍTICA AGRARIA COMÚN (PEPAC)
2023-2027

Acta n.º 3

Data da sesión: 06.07.2026

Hora de inicio: 12:30 horas

Hora de finalización:13:30 horas

Lugar: Dependencias municipais

ASISTENTES:

Presidenta: Manuela Sofía Abelenda Antelo, Técnico de Xestión do Concello da Baña.

Secretaria: Rocío Caamaño Gerpe, Auxiliar administrativa do Concello da Baña.

Vogais: José María Vilacoba García, Tractorista do Concello da Baña.

Fernando Martínez Méndez, Subalterno do Concello da Baña.

Adrián Vázquez Forján, Técnico de deportes do Concello da Baña.

Asesor Técnico: M.ª Eugenia Moral Piñeiro AEDL do Concello da Baña.

Por Decreto da Alcaldía núm. 471/2026 do 26 de xuño do 2026, e tendo en conta a dilixencia de corrección de erros do día 29/06/2026 do citado Decreto, aprobouse a lista definitiva de aspirantes admitidas e excluídas e nomeouse o tribunal cualificador encargado de vulgar as probas do proceso selectivo.

PRIMEIRO.Resultado do proceso selectivo,

Nome e apelidos	DNI			
		Resultado test	Resultado Entrevista	Resulta do final
Ramón González Pais	***9695**	19	9	28
Andrés Castillo Crego	***9119**	19	7	26

SEGUNDO. Proposta para aprobar a bolsa de emprego que se indica ordenada por orde de maior a menor puntuación:

Nome e apelidos	DNI			
		Resultado test	Resultado Entrevista	Resultado final
Ramón González Pais	***9695**	19	9	28
Andrés Castillo Crego	***9119**	19	7	26

Á vista das baremacións e cualificacións resultantes o tribunal acorda:

1º.- Abrir un período de 3 días hábiles a computar dende o día seguinte ao da publicación para que os interesados podan formular reclamacións ou alegacións ao respecto.

2.º Elevar á Alcaldía do Concello da Baña, no caso de que non se presenten reclamacións, a proposta de aprobación da bolsa de emprego, ordenada de maior a menor puntuación, conforme á listaxe das puntuacións obtidas polas persoas aspirantes.

E sen máis asuntos que tratar, a presidenta remata a sesión sendo as 13:30 horas do día 6 de xullo de 2026.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE”

Visto a citada acta n.º 3 do tribunal do 7 de xullo do 2026, Alcaldía declara definitiva a citada lista de aspirantes que formarán parte da bolsa de emprego para cubrir o posto de Xefe/a de Brigada no Concello da Baña, ao abeiro do Convenio entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local do Concello da Baña, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027.6) co seguinte resultado e polo orden que se indica:

- 1. Ramón González Pais (Puntuación total: 28 puntos)
- 2.Andrés Castillo Crego (Puntuación total: 26 puntos)

Visto que en consonancia co disposto na BASE 8, se publicou a relación provisional de aprobados/as, abrindo un período de alegacións de 3 días naturais na sede electrónica do Concello da Baña o 11 de maio do 2026.

Visto que non existen reclamacións.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

Primeiro: Avocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que fora delegada por decreto de Alcaldía número 410/2023 de 19/07/2023, na Xunta de Goberno Local.

Segundo: Aprobar a listaxe coa relación de aprobados por orde de puntuación e, a aprobación da bolsa de emprego que, o Concello da Baña xestionará segundo as necesidades do servizo, e condicionada ao Convenio entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local do Concello da Baña, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027.6) para o posto de Xefe/a de Brigada.

1. Ramón González Pais (Puntuación total: 28 puntos)
2. Andrés Castillo Crego (Puntuación total: 26 puntos)

Terceiro: Publicar o presente decreto no Taboleiro de Anuncios do concello e na páxina web municipal do Concello da Baña (dentro da sede electrónica municipal):

https://sede.concellodabana.gal/opencms/es/portal_transparencia/

Cuarto: Dar traslado do presente acordo á Intervención para o seu coñecemento aos efectos oportunos e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

Mándao e asínao o señor alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria- interventora Paula Martis Torres, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.